

## Central de balances trimestral

Terceiro trimestre de 2006

### COMUNICADO

## Seguen crecendo os ingresos de explotación

As 194 empresas que nos permiten facer unha comparación homoxénea entre os terceiros trimestres do 2005 e 2006 arrojan unha taxa de crecemento dos ingresos de explotación do 14,77% que é aínda algo máis elevada que o trimestre pasado.

No que respecta á evolución interanual dos agregados e manexando información desas 194 empresas temos que resaltar que o valor engadido bruto presenta unha taxa de crecemento positiva. Este signo positivo non se daba dende principio de ano. Neste terceiro trimestre de 2006 os consumos de explotación creceron a unha taxa do 17,75%, sómente tres puntos por riba da taxa de crecemento dos ingresos de explotación.

### Recuperación do indicador de clima industrial (ICI)

As expectativas empresariais, medidas a través do ICI, caían fortemente no segundo trimestre do 2006 tras unha subida espectacular no primeiro trimestre. Neste terceiro trimestre de 2006 o ICI recupérase acadando un valor de 7,56. As expectativas de produción e da carteira de pedidos para o último trimestre do ano son positivas.

### Evolución do indicador de confianza industrial

PERÍODO	ICI	Nº EMPRESAS
<b>2004</b>		
2º TRIM	14,1	149
3º TRIM	10,6	140
4º TRIM	8,5	144
<b>2005</b>		
1º TRIM	3,4	135
2º TRIM	6,9	126
3º TRIM	0,5	121
4º TRIM	7,8	112
<b>2006</b>		
1º TRIM	13,9	103
2º TRIM	1,6	96
3º TRIM	7,6	90

Fonte: IGE. Central de balances trimestral.

### **Crecedemento máis comedido do activo circulante**

No apartado de investimento, coa mostra homoxénea entre os terceiros trimestres dos anos 2005 e 2006, atopamos aumentos do 6,2% no activo fixo fronte o 16,2% no activo circulante. O activo total crece polo tanto un 10%.

Nos últimos trimestres o activo circulante roldaba taxas de crecedemento do 30%.

### **A taxas interanuais de crecedemento dos recursos alleos e propios frean lixeiramente o seu crecedemento**

No tocante ao financiamento, a variable de recursos propios que seguía o pasado ano 2005 unha traxectoria descendente en termos absolutos, presenta novamente no terceiro trimestre de 2006 unha taxa interanual positiva, neste caso do 4,8%. O dato negativo é que, como ven sendo habitual, a taxa interanual dos recursos alleos crece en maior medida, un 12,5%.

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>